

EN LA ALCOBA DEL SULTÁN

1416

Javier Rebollo, 2024

ESTREA EN NUMAX: 30.11.2024 | V.O.S.E. | +12 | 102 min

A comezos do século XX, o sultán de Marrocos, Moulay Abd el-Aziz, desexa explorar os misterios da cinematografía e busca a alguén que o guíe. O seu camiño crúzase co de Gabriel Veyre, operador de cámara dos irmáns Lumière. Durante unha viaxe ao campo, Gabriel atopa un anuncio solicitando un experto para instruír ao sultán. Dúas semanas despois, consegue un contrato de tres meses, que acabarán por converterse en trinta anos, introducindo ao venerable sultán no fascinante mundo do cinema.

«Película humilde, surrealista e alegre, arredada de toda nostalxia. Un filme sabio, singular e gozoso.»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



Javier Rebollo, 2024

Entrevista con Javier Rebollo: «Quería facer un filme saturado de relatos, como un tapiz bereber»

Por Jara Yáñez e Jaime Pena

Como chegas ata Gabriel Veyre? Cando o descubres? Hai unha data exacta que podería rastrexar. É unha emisión na canle Arte pola conmemoración dos 100 anos do cinema. En realidade, Daniel Gascó pásame un VHS con este documental. Eu estou fascinado polos Lumière, loxicamente, porque son os pais. No documental, Bertrand Tavernier fala dun operador dos Lumière que di que é o mellor, Gabriel Veyre. Todos coñecemos a Alexandre Promio, a Felix Mesguich, pero Veyre acababa de ser descuberto porque a súa obra ata finais dos noventa estivo metida nun armario. E é un herdeiro seu, Philippe Jacquier, quen un día abre un armario en Casablanca e atopa unha chea de autocromos e cartas que serven para datar as películas de Veyre porque, aínda que se coñecían, non sabíamos que eran súas. Grazas a ese achado, en colaboración co Institut Lumière, pódense fixar por fin cales son as películas de Gabriel Veyre. Aí vexo unha curta alucinante, o do travelling cara atrás de Le Village de Namoucos cos nenos correndo detrás da cámara. Moitísimos anos despois, cando xa teño a idea de facer unha película sobre os Lumière, Oliver Laxe regálame as memorias de Veyre, que eu aínda non sabía que existían, que son malísimas, por certo, porque non nomea o cinematógrafo nin unha soa vez, son as memorias das súas trasnadas. Porque el, en plan Velázquez, estaba máis preocupado polos asuntos de palacio que polo cinema. As memorias chámanse “Dans l’intimité du Sultan”.

A película está ambientada nun imaxinario País de Nour, non en Marrocos. Cal é a razón? A película estivo a prepararse durante cinco anos en Marrocos e, cando quedaban dous días para empezar a rodar, chega a policía e os servizos secretos do Ministerio do Interior e temos que liscar. Entón tentamos rodar noutro sitio e, despois de estar cinco anos preparándoa en Marrocos, acabamos rodándoa a 80 km de Trípoli, na fronteira de Tunes. O primeiro que se nos ocorre é inventar un país imaxinario. Nour significa luz, así que será o País da Luz. E inventamos un país que é unha suma máis ou menos de Alxeria, Libia e Marrocos. E como perdemos os palacios que alugaramos, e que eran os palacios máis grandes de África, pois acabamos rodando en grutas, onde se rodou parte da guerra das galaxias... Cambiamos tamén o vestiario, agora un moito máis orgánico, vivo, inspirado un pouco en Moebius. Perdemos o lado documental e apareceu a fantasía.

Estes novos escenarios lembran moito aos que filmaba Pasolini no norte de África, o que conecta con algo moito máis telúrico, o que fai moi difícil imaxinar agora a túa película rodada en palacios... Tería sido horrible! O bonito é que sempre ten que haber un obstáculo para chegar á película ou ao amor. De súpeto desapareceron os palacios e apareceron estas grutas pasolinianas, e que son tanto do norte de África como de Oriente e que funcionan de marabilla. Tivemos que improvisar e rodar sen plan de rodaxe. Segundo amencía iamos adaptando o guión. E logo, fixédevos como son as cousas, a película abraza o burlesco e unha idea do humorismo e o grotesco. O grotesco é unha palabra que está devaluada, pero é un estilo pictórico que a min me gusta moito. O filme parte dunha idea que é moi bereber, moi marroquí e moi árabe, que é unha cousa dentro dunha cousa, dentro dunha cousa, dentro dunha cousa, cunha chea de motivos. Era unha das apostas da película, que estivese saturada, saturada de relatos, saturada de personaxes, saturada como un tapiz bereber, como As mil e unha noites, que ninguén leu ben, e que é unha historia dentro dunha historia dentro dunha historia... nunha sorte de posta en abismo. A narración sempre se suspende, sempre continúa, como o folletín de Raúl Ruiz... Detrás dunha novela occidental, como diría Borges, ou tamén o dicía Truffaut, está a morte, detrás do Fin está a morte, mentres que aquí non hai final, algo que xa estaba en *El muerto y ser feliz* (Javier Rebollo, 2012).